



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Jesús Alfaya Fernández
 D. Miguel Alfonso Pallarés
 D. Luis Alonso Bacigalupe
 D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
 D^a M^a Isabel Alonso García
 D. Miguel Angel Alvarez Campos
 D. Heliodoro Alvarez Conde
 D. J. Angel Álvarez Moreira
 D^a Patricia Álvarez Vázquez
 D^a Ana M^a Ameal Guerra
 D. Ramón Araujo Casado
 D. Pedro A. Araujo Nespereira
 D^a M^a Cristina Arias Fernández
 D. Xosé Carlos Arias Moreira
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D. Ramón Barreiro García
 D. José Luis Barros Díaz
 D. Gustavo Bergantiño Cid
 D^a Marina Blanco Feijóo
 D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
 D. Camilo Brandín Feijóo
 D. Jorge Bravo Bernárdez
 D. Enrique J. Buch Gómez
 D^a M. Alicia Cachafeiro López
 D. Xulio Calviño Rodríguez
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Lino Pedro Canedo de la Torre
 D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Alfonso Caride Losada
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. José Manuel Casas Mirás
 D. Pablo Javier Cebra Loureda
 D^a Mercedes Cendón Falque
 D. José Chavete Rodríguez
 D. Marcos Cid Cid
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. José Cidrás Pidre
 D. Angel Cifuentes García
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a Patricia Corbacho Suso
 D. José M^a Correa Otero
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Tony Crespo Franco
 D. Pedro Cuesta Morales
 D. José M^a Da Rocha Álvarez
 D. Jesús De Andrés Iglesias
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. Javier De Vicente Remesal
 D^a Encarnación De Miguel Villegas
 D. Manuel Deaño Deaño
 D^a Coral Del Río Otero
 D. Jaime Díaz de Bustamante
 D^a Natividad Díaz Magadán
 D^a María Diéguez Gómez
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Miguel A. Esparza Torres
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Manuel Fernández Areal

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que terá lugar o día dezoito de decembro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 18 de decembro de 1998**, ás 10.00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-los seguintes puntos da Orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06.11.98)
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento de 1999.
- 4º.- Aprobación, se procede, de Regulamentos de Réxime Interno de Departamentos.
- 5º.- Aprobación, se procede, dos Departamentos de "Pintura", "Escultura" e "Debuxo" (Xunta de Goberno do 17-12-97).
- 6º.- Ratificación, se procede, de acordos da Xunta de Goberno sobre concesión do grao de "Doutor Honoris Causa".
- 7º.- Delegación en Xunta de Goberno da aprobación de reedición de cursos e masters.
- 8º.- Apoio á equiparación do complemento específico dos profesores titulares de Escola Universitaria e de recoñecemento de sexenios docentes non universitarios.
- 9º.- Elección da Comisión Académica e da Comisión de Planificación.
- 10º.- Elección para cubrir dous postos vacantes en Xunta de Goberno, no sector "estudiantes".
- 11º.- Substitución dun membro do PAS na Comisión de Estudiantado (elixida na xuntanza do 6.11.98).
- 12º.- Elección de membros do Tribunal de Garantías.
- 13º.- Elección de membros da Comisión de Conflictos.
- 14º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

Antes do comezo da sesión sortease a letra para orde de intervencións e sae o "c".

Por acordo da Mesa suprímese o **punto 10** da Orde do día.

D^a Paula M^a Fernández Carpintero
 D^a Estela María Fernández Carrera
 D. Manuel Fernández Cruz
 D^a Generosa Fernández Manín
 D^a M^a Dolores Fernández Ferro
 D. Manuel J. Fernández Iglesias
 D. Celso Fernández Silva
 D^a María Fernández Silva
 D^a M^a Begoña Fernández Silvano
 D. Ramón Angel Fernández Sobrino
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D. Rubén Frieiro Barros
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas
 D. Juan Fco. Gálvez Gálvez
 D^a Secundina García Conde
 D. Antón García Fernández
 D. Guillermo García Lomba
 D^a Aida García Molares
 D. Manuel García Sánchez
 D. José Manuel García Vázquez
 D^a Ana M^a Garriga Domínguez
 D^a Teresa Geadá Geadá
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D. J. Santiago Gómez Fraiz
 D. Ramiro Gómez Lourido
 D^a Alma M^a Gómez Rodríguez
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D. José Luis González Cespón
 D. Pablo González Martínez
 D^a Laura González Novoa
 D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. José Antonio Hernández Hermida
 D. Jesús Hernández Sánchez
 D^a M^a Yolanda Herranz Pascual
 D. Iván Iglesias Santiago
 D^a Sonia Justo Justo
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Rodolfo Lago Méndez
 D^a Patricia Leal Freire
 D. José Luis Legido Soto
 D. José Lillo Beviá
 D. Martín Llamas Nistal
 D. Juan Loeck Hernández
 D. Abel López Conde
 D^a M^a Eugenia López de Silanes Vázquez
 D. Alfonso L. López Otero
 D. Luis López Pérez
 D^a M^a del Pilar López Vidal
 D. José Manuel Losada Beltrán
 D. Federico Mallo Ferrer
 D^a Romina Maneiro Cid
 D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D^a Patricia Silvia Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 D^a M^a Diana Méndez Vizcaíno
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D^a Ascensión Muñóz del Barrio
 D. Miguel Ángel Nombela Castaña
 D^a Xosé Luciano Otero Camiña
 D. Juan M. Outes Álvarez
 D. Xosé Luis Outes Ruso
 D. Alejandro Padín Mariño
 D^a M^a Consuelo Pazó Martínez
 D. José Peleteiro Salgado
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Manuel Pérez Donsión
 D. Luis Pérez Gómez
 D^a Nikole Pérez Mato
 D^a M^a Flor Pérez Paz

No **punto 1**, apróbase por asentimento a acta da sesión do 6 de novembro de 1998, axuntando o escrito do Sr. Álvarez Moreira (anexo I).

No **punto 2**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa do seguinte:

*Sobre a situación dos Departamentos: recibíronse no Rectorado solicitudes de separación dalgúns Departamentos: A Xunta de Goberno estudiará as propostas recibidas e a situación actual de cada un dos actuais Departamentos e elevará unha proposta ó Claustro Universitario da nova estrutura departamental da Universidade.

*Sobre as eleccións de Consellos de Campus en Ourense e Pontevedra: o proceso iniciouse o día 17 de decembro coa publicación de censos, e a votación terá lugar o 22 de xaneiro de 1999.

*Sobre as votacións dos puntos 9º, 10º, 11º, 12º e 13º da Orde do día.

Ademais da a benvida ós novos claustrais:

-D^a Beatriz Pérez Villaverde, pola Facultade de Dereito - Sección Delegada de Vigo,
 -D^a Inge Álvarez Martínez, pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra,
 -D^a M^a Jesús Vázquez Paredes, pola E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Pontevedra,
 -D. David Rocha Acuña, pola E.U. de Fisioterapia de Pontevedra, e
 -D^a Estela María Fernández Carrera, pola Facultade de Humanidades de Vigo.

Tamén da os datos sobre as axudas para os damnificados polo furacán Mitch que foran obtidas pola renuncia dalgúns claustrais a axudas de custa ou bonos para xantar no Claustro anterior e por non enviar este ano dende o Rectorado as tarxetas de Nadal á Comunidade Universitaria. As cantidades son:

-Axudas de custa e bonos para xantar...	173.124.-
-Tarxetas de Nadal...	150.000.-

Estes foron ingresados na conta nº 0182 2370 46 001 002222 7, da CRUZ ROJA ESPAÑOLA AXUDA CENTROAMÉRICA.

No **punto 3** o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo expón as liñas xerais do proxecto de orzamento para 1999 (anexo II) e de seguido, ábrese unha quenda de intervencións.

D^a Beatriz Pérez Villaverde
 D^a Xoana Pintos Castro
 D^a Irene Pisón Fernández
 D. José Pose Blanco
 D. Albino Prada Blanco
 D. José Carlos Prado Prado
 D^a Asunción Ramos Stolle
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D^a Teresa Rey Barreiro
 D. Manuel Angel Rey Fraile
 D. Anxo Riádigos Saavedra
 D. Xosé Ríos Cidrás
 D. Filemón Rivas Conde
 D^a M^a Dolores Rivero Fernández
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes
 D^a Margarita Rodríguez Holguín
 D^a Antía Rodríguez Nieves
 D^a M^a Pilar Rodríguez Seoane
 D. Xoán Paulo Rodríguez Yáñez
 D. Antonio Rotea Villanueva
 D. José Ramón Rúa Rodríguez
 D^a Veljka Ruzicka Kenfel
 D. José Luis Sáez Ocejo
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
 D. Eduardo Soto García
 D^a Mercedes Suárez Pazos
 D^a Piedade Suárez Rosende
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. José Tojo Suárez
 D^a M^a Concepción Tojo Suárez
 D. Carlos Trigo Meira
 D^a Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D^a Xema Zeltia Varela Rodríguez
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
 D. José Angel Vázquez Barquero
 D. Camilo Vázquez García
 D. Fernando Antonio Vázquez Núñez
 D. José Angel Veiro García
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Marco Villagómez Cebrián
 D^a Raquel Vizcaya López

DESCULPA ASISTENCIA

D^a Ana Belén Martín Lucas

*D. Eusebio Corbacho Rosas reconece un esforzo de rapidez e de boa elaboración aínda que opina que faltou un proceso de planificación previa. Manifesta o seu apoio ós presupostos.

*D^a Patricia Corbacho Suso pregunta pola partida para as delegacións de alumnos.

*D^a Encarnación De Miguel Villegas pregunta que sistema vai ser utilizado para a selección dos bolseiros colaboradores e de que Vicerrectorado dependerán. Opina que as consultas previas deberían facerse de tal xeito que os consultados sexan conscientes de que están a contribuír na elaboración do presuposto.

*D. Pedro Pablo Gallego Veigas considera positivo o incremento de recursos para a Biblioteca pero non está de acordo co concepto 629.07 (automatización Biblioteca) que lle parece excesivo.

*D. Alejandro V. Gómez Soler pregunta como se reparte a partida 150 (productividade PAS), e polos salarios e criterios de selección das persoas que están a traballar a resultados do convenio coa Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

*D. José Luis Legido Soto opina que o proceso debería terse realizado con menos presa e di que non sería importante atrasalo ata xaneiro.

*D. Federico Mallo Ferrer considera precipitado o procedemento e curtos os prazos de consulta. Di que para ser esto o único que fixo o novo equipo en 6 meses, está moi mal feito. Na súa opinión, a partida 629.02 (Plano de seguridade laboratorios) tería que incrementarse ata 25 millóns de pesetas. Di que nas partidas 622 (edificios e outras construcións) e 625 (mobiliario e equipamento) terían que precisarse os usos concretos a que van destinadas. Dentro da partida 120.02 (funcionarios PAS) di que é escasa a dotación para administrativos de Departamento.

*D. Xosé Luis Outes Ruso di que falta proxecto político e que o proceso foi irregular. Considera un fracaso o incremento en bolsas de terceiro ciclo por desperdiciar, na súa opinión, os recursos da Xunta de Galicia. Pregunta pola xustificación da cantidade prevista para estudos e traballos técnicos e cal é a partida presupostaria para cada obra a realizar.

*D. Cándido Pérez Betanzos aproba o proceso de elaboración seguido xa que ofreceu a posibilidade de participar. Di que foi esta a primeira vez en que se modifican as normas de execución, recollendo as suxestións. De tódolos xeitos, considera escaso o presuposto para o PAS funcionario e laboral.

*D. Manuel Pérez Donsión agradece ó equipo de goberno a celeridade na elaboración dos presupostos e solicita máis información no capítulo VI sobre as edificacións previstas e as obras de mellora e reforma.

*D. José Pose Blanco cuestiona a legalidade do proceso por non estar aínda aprobada a Lei de Presupostos de Galicia. Di que houbo moitas presas nos prazos entre Comisión Económica, Xunta de Goberno, Claustro Universitario e Consello Social. Na súa opinión, o equipo rectoral non sabe o que ten entre mans. Di que os presupostos son escurantistas e que non pode aprobalos mentres non se detallan certas partidas. Termina felicitando ó Xerente pola racionalidade no capítulo I.

*D. Manuel Angel Rey Fraile súmase ós que criticaron o proceso seguido para a elaboración. Di que a partida 643.05 non reflicte o apoio ós Institutos Universitarios e pide que se incremente ata 2 millóns de pesetas. Ademais solicita información sobre as partidas de edificios e outras construcións e mobiliario e equipamento.

*D. Xosé Ríos Cidrás explica a súa emenda sobre o concepto de bolseiros colaboradores.

*D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal lamenta que as presas por cumprir unha promesa electoral de presenta-lo orzamento antes de fin de ano, leven a incumpri-la promesa de propicia-lo debate e a participación. Opina que non se deben incrementa-las partidas de profesores visitantes e de visitantes de investigación e fala de escurantismo na partida 622 para a que pide aclaracións.

*D. Eduardo Soto García pide aclaración sobre as partidas destinadas a transporte e a seguridade nos laboratorios. Pregunta que colaboracións farán os bolseiros e que accións se levarán a cabo na Oficina de Medio Ambiente.

*D. Juan Carlos Surís Regueiro valora de xeito moi positivo o cambio cualitativo seguido no proceso e na difusión do orzamento con respecto a etapas anteriores. Lamenta que o Claustro non teña a oportunidade de debate-los ingresos xa que un mellor coñecemento dos mesmos redundaría nunha mellor distribución dos gastos.

*D. José Tojo Suárez critica as presas do proceso e solicita que o procedemento non se repita en anos sucesivos. Propón un incremento de 20 millóns na partida 213 e unha redución no destinado ó Consello Social. Pide que se detalle o concepto 622 (edificios) e pregunta a que se debe a redución no concepto 643.01 (Oficina I+D).

*D^a M^a Luisa Alonso Escontrela quere deixar constancia da súa preocupación e descontento polo procedemento que cualifica de antidemocrático. Recorta ó Rector que a democracia é unha cuestión de forma e de fondo.

*D. Xosé Carlos Arias Moreira di que a pesar da presa estamos ante un importante cambio cualitativo na forma de elabora-lo presuposto.

*D. Enrique Barreiro Alonso di que no que se refire a novas obras, os Campus de Ourense e Pontevedra están peor tratados que o Campus de Vigo. Pregunta onde están recollidos no presuposto os campos de deporte e a residencia de estudantes no Campus de Ourense.

*D. Enrique J. Buch Gómez di que descoñece con que criterios foi elaborada cada partida. Pregunta que se entende por "situación de perdas" (pax. 6) e pide aclaracións polas transferencias condicionadas por convenio (pax. 11). Ademais pregunta pola ampliación da Facultade de Económicas.

De seguido responde o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo ó conxunto de intervencións.

En relación coa intervención do profesor Mallo Ferrer recorda que o proxecto de orzamento non foi o único que se fixo en seis meses; entre outras cousas, realizouse o concurso de profesorado cunhas condicións herdadas moi difíciles, foi acadado un acordo sobre novas titulacións, recuperouse o debate e a participación nos órganos colexiados e a Universidade incrementou o respecto e a consideración nas institucións e na sociedade.

En contra do cualificativo de procedemento escurantista, feito polo profesor Pose Blanco, recorda que as distintas versións do orzamento foron sendo coñecidas dende o inicio do proceso por tódolos membros do Claustro.

Aclara que o formulado polo profesor Outes Ruso sobre as bolsas de terceiro ciclo e a Xunta é unha mentira.

Explica ademais o sentido da partida destinada a Institutos Universitarios e ó Consello Social.

Intervén o Vicerrector de Planificación, D. José M^a Da Rocha Álvarez para responder a diversas cuestións sobre o mantemento dos equipos do CACTI e os plans de seguridade nos laboratorios. Da detalles sobre datos solicitados por varios claustrais sobre novas obras e construcións.

O Vicerrector de Investigación, D. Salustiano Mato de la Iglesia fai aclaracións sobre bolseiros colaboradores: tratarase de convocatorias abertas para cuestións puntuais como deporte, medio ambiente, biblioteca, etc., que non interfiran con traballos desenvolvidos polo PAS. Concreta accións a levar a cabo pola Oficina de Medio Ambiente e aclara a partida de visitantes de investigacións.

De seguido, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

*D^a Patricia Corbacho Suso pregunta quen é o responsable e como se leva a cabo o financiamento nas delegacións a nas asociacións.

*D^a Encarnación De Miguel Villegas pregunta polo plan de seguridade nos laboratorios, polos bolseiros colaboradores e pola automatización da Biblioteca.

*D. Pedro Pablo Gallego Veigas solicita un debate sobre o modelo de biblioteca.

*D. Alejandro V. Gómez Soler reitera as súas preguntas sobre o convenio coa Consellería de Familia e sobre a partida de produtividade de PAS.

*D. José Luis Legido Soto aclara que en anos anteriores o orzamento tamén era tratado nos órganos colexiados.

*D. Federico Mallo Ferrer protesta polo xeito de levar a cabo o debate.

*D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón valora de xeito positivo o aumento das bolsas e a desaparición das bolsas de apoio á docencia práctica. Pide que a convocatoria de bolsas sexa aberta e pública e que se melloren os convenios de transporte.

*D. Xosé Luis Outes Ruso insiste na irregularidade do proceso.

*D. José Pose Blanco anuncia a petición de retirada do proxecto de orzamento.

*D. Manuel J. Reigosa Roger fai unha boa e positiva valoración do procedemento. Di que é a primeira vez que existe a oportunidade de que os presupostos sexan de todos e que debemos traballar xuntos por eleva-lo teito dos ingresos.

*D. Eduardo Soto García di que na concesión de bolsas deben primar criterio económicos.

*D. José Tojo Suárez pide que se detallen as partidas de mantemento de equipos do CACTI.

*D^a M^a Luisa Alonso Escontrela considera non elegantes as alusións á xestión do equipo anterior e di que non é intelixente escudarse nela.

*D. J. Angel Álvarez Moreira explica o contido da súa emenda e pregunta como se vai reparti-lo presuposto das Delegacións e que pasaría se nesta sesión do Claustro no se aproba o mesmo.

De seguido intervén o Vicerrector de Planificación, D. José M^a Da Rocha Álvarez para responder en conxunto a estas intervencións.

Por último o Sr. Xerente, D. Julio Taboada Pérez aclara as preguntas sobre o convenio coa Consellería de Familia e sobre o concepto de produtividade do PAS.

A sesión se para durante 45 minutos para estudar algunha posible emenda transaccional.

Non se acada ningún tipo de acordo e sométese a votación o texto aprobado en Xunta de Goberno.

De acordo co Regulamento de Réxime Interno do Claustro, un número suficiente de claustrais pide votación secreta, sendo o resultado o seguinte:

-a favor do proxecto de orzamento...	93 votos
-en contra...	43 votos
-en branco...	10

Queda aprobado o proxecto de orzamento para o ano 1999.

Efectúase a votación correspondente ós puntos 9º, 10º, 11º, 12º e 13º, entre as 14.30 e as 15.00 horas.

Punto 9.-

Comisión Académica

Presentáronse en cada sector un número de candidatos igual ou inferior ós postos a cubrir, non sendo necesario facer unha votación. A comisión queda como segue:

-Sector Profesorado:

D^a M^a Luisa Alonso Escontrela, D. Enrique Barreiro Alonso, D. Gustavo Bergantiño Cid, D. José Cidrás Pidre, D. José M^a Correa Otero, D. Miguel Ángel Esparza Torres, D^a Ana Garriga Domínguez, D. Jesús Hernández Sánchez, D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal, D^a Veljka Ruzicka Kenfel, D. José Tojo Suárez e D. Camilo Vázquez García.

-Sector PAS (Persoal de Administración e Servicios):

D. Manuel Fernández Cruz e D^a M^a Teresa Pombo Fernández.

-Sector Alumnos/as:

D. Fernando Alvarellos Vales, D. J. Angel Álvarez Moreira, D. Xosé Ríos Cidrás e D^a Xema Zeltia Varela Rodríguez.

Comisión de Planificación

Polas mesmas razóns, non se precisa votación nos sectores de PAS e Estudiantes. No sector de PDI os candidatos presentados e os votos acadados por cada un deles foron:

D. Luis Ortiz Torres...	64 votos
D. Antonio Vaamonde Liste...	56 votos
D ^a M ^a Dolores Rivero Fernández...	54 votos
D. Ramón A. Fernández Sobrino...	52 votos
D. Carlos Garrido Suárez...	49 votos
D. Albino Prada Blanco...	49 votos
D. Martín Llamas Nistal...	48 votos
D. Miguel Ángel Nombela Castaño...	48 votos
D. José Pose Blanco...	42 votos
D. Xosé Luis Outes Ruso...	37 votos
D. Manuel Deaño Deaño...	34 votos
D. Pedro A. Araujo Nespereira...	32 votos
D. Manuel Angel Rey Fraile...	28 votos
D. Enrique J. Buch Gómez...	25 votos

Quedan elixidos os doce primeiros e a composición da Comisión é a seguinte:

-Sector Profesorado:

D. Luis Ortiz Torres, D. Antonio Vaamonde Liste, D^a M^a Dolores Rivero Fernández, D. Ramón A. Fernández Sobrino, D. Carlos Garrido Suárez, D. Albino Prada Blanco, D. Martín Llamas Nistal, D. Miguel Ángel Nombela Castaño, D. José Pose Blanco, D. Xosé Luis Outes Ruso, D. Manuel Deaño Deaño e D. Pedro A. Araujo Nespereira.

-Sector PAS (Persoal de Administración e Servicios):

D. Luis Pérez Gómez e D. José Angel Veiro García.

-Sector Alumnos/as:

D. Xosé Carlos Alcalde González, D. J. Angel Álvarez Moreira, D. Pablo Javier Cebal Loureda, D. José Antonio Hernández Hermida e D. Xosé Ríos Cidrás.

No **punto 11**, apróbase por asentimento a substitución de D. Jesús De Andrés Iglesias por D. Alfonso Caride Losada na Comisión de Estudiantado (sector PAS), elixida na sesión do Claustro do día 6 de novembro de 1998.

No **punto 12** os candidatos presentados para o Tribunal de Garantías foron os seguintes:

-Presidente: D. Luis Espada Recarey

-Sector PDI (Persoal Docente e Investigador): D. Santiago Guevara Junquera e D. José Peleteiro Salgado

-Sector PAS (Persoal de Administración e Servicios): D. Ramón Araujo Casado e D^a Antonia Melón Amor.

-Sector Alumnos/as: D^a Patricia Álvarez Vázquez

O resultado da votación é o seguinte:

-Presidente:

-votos afirmativos...	135
-votos en branco...	11
 Total asistentes ó Claustro...	 182

-Sector PDI (Persoal Docente e Investidor):

-votos emitidos...	107
-votos en branco...	13
-votos nulos...	1

D. Santiago Guevara Junquera... 71 votos

D. José Peleteiro Salgado... 87 votos

-Sector PAS (Persoal de Administración e Servicios):

-votos emitidos...	22
-votos en branco...	1

D. Ramón Araujo Casado... 21 votos

D^a Antonia Melón Amor... 17 votos

-Sector Alumnos/as:

-votos emitidos...	42
-votos en branco...	2

D^a Patricia Álvarez Vázquez... 40 votos

De acordo co establecido no artigo 38 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro, queda elixido o Tribunal de Garantías coa seguinte composición:

Presidente:

D. Luis Espada Recarey

Sector PDI (Persoal Docente e Investigador):

D. Santiago Guevara Junquera, e

D. José Peleteiro Salgado

Sector PAS (Persoal de Administración e Servicios):

D. Ramón Araujo Casado (Rectorado), e

D^a Antonia Melón Amor (Rectorado)

Sector Alumnos/as:

D^a Patricia Álvarez Vázquez (Fac. de Ciencias - Vigo)

Queda un posto sen cubrir no sector de alumnos/as.

No **punto 13**, Comisión de Conflictos, as candidaturas presentadas foron as seguintes: D^a Cristina Arias Fernández, D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos, D. Carlos Hervés Beloso, D. Enrique Mandado Pérez, D. Luis Rodríguez Ennes e D. José Tojo Suárez.

Dun total de 167 votos emitidos, houbo 1 voto nulo. Os votos obtidos por cada candidato foron:

D ^a Cristina Arias Fernández...	123
D ^a M ^a Victoria Carballo-Calero Ramos...	129
D. Carlos Hervés Beloso...	124
D. Enrique Mandado Pérez...	128
D. Luis Rodríguez Ennes...	128
D. José Tojo Suárez...	129

Non se elixe a Comisión de Conflictos xa que ningún candidato obtivo o número de votos precisos (maioría de 3/5 segundo artigo 39.3 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro).

Interrómpese a sesión para reanudala a partir das 17.00 horas.

Prosegue a sesión no **punto 4** da Orde do día e o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo explica o conxunto de regulamentos que se someten a aprobación (anexo III) foron aprobados en Consello de Departamento e supervisados pola Asesoría Xurídica. Di que nas mesmas circunstancias está o regulamento do Departamento de "Estatística e Investigación Operativa" que por erro non figura na relación. Pide a aprobación por asentimento do conxunto dos mesmos.

O profesor Durany Castrillo pregunta se no caso de Departamentos que contemplan a creación de seccións departamentais, estas quedarían xa aprobadas.

Respondese que non, xa que pasa iso ten que haber acordos específicos.

O profesor Gallego Veigas pide que se retire e por tanto non sexa aprobado neste Claustro o Regulamento do Departamento C02 "Biología Vexetal e Ciencias do Solo" xa que no Consello de Departamento houbo votos particulares, foi impugnado en xuño de 1997 e aínda non se ten recibido resposta.

O Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez di que non ten constancia deste feito.

No mesmo sentido do profesor Gallego, maniféstanse os profesores Rey Fraile e García Molares e falan dun texto aprobado distinto ó que figura na documentación.

O profesor Reigosa Roger di que é opinión maioritaria do Departamento que o texto que figura na documentación é o que foi aprobado.

O Sr. Pérez Betanzos pregunta se se está a falar de falsidade documental e di que os recursos teñen prazos e incluso se poden responder co silencio.

O profesor Fernández Iglesias pregunta se houbo un acta posterior na que foi aprobado o regulamento.

De seguido delibera a Mesa e decide non retirar ese regulamento do conxunto dos que se

someten a aprobación.

Sobre outros departamentos, os profesores Rodríguez Berrocal e Tojo Suárez din que nalgúns casos o informe da Asesoría Xurídica era favorable á espera dun informe, ben do Vicerrector de Profesorado ou do de Investigación. Preguntan se se fixeron tales informes.

O profesor Corbacho Rosas di que eses informes non son imposición senón recomendacións.

Os profesores Gallego Veigas e García Molares insisten no exposto anteriormente e piden ó rector que se retire o regulamento do Departamento C02, que se estudio o tema e se leve ó próximo Claustro.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo consulta á Mesa e acéptase a retirada dese regulamento.

Apróbanse por asentimento os Regulamentos de Réxime Interno de Departamentos que figuran non anexo IV.

No **punto 5**, aprobase por asentimento a creacións dos Departamentos de "Pintura", "Escultura" e "Debuxo", en base ó acordo de Xunta de Goberno do 17 de decembro de 1997.

No **punto 6** o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo explica que, de acordo co Regulamento de Terceiro Ciclo, sométese ó Claustro para a súa ratificación a proposta de concesión do grao de "Doutor Honoris Causa" recibidas durante o ano 1998, unha vez que foron aprobadas pola Xunta de Goberno.

Indica que é intención do equipo de goberno encargar á Comisión Académica do Claustro un estudio sobre os criterios a cumprir para un nomeamento deste tipo e sobre o procedemento a seguir. Mentres, indicárase ós Departamentos que non tramites novas propostas ata que as novas directrices estean elaboradas.

Neste Claustro pide o asentimento para a proposta de ratificación do acordo de Xunta de Goberno, de concesión do grao de "Doutor Honoris Causa" para: D. Aníbal Ramón Figueiras Vidal (Dpto. "Tecnoloxías das Comunicacións"); D. César Milstein (Dpto. "Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía"); D. Xosé Luís Méndez Ferrín (Dpto. "Filoloxía Galega e Latina"); e D. Xaime Isla Couto (Dpto. "Psicoloxía Evolutiva e Comunicación Social").

A profesora De Miguel Villegas desaproba que cheguen ó Claustro as catro propostas xuntas e di que non ten dúbida do curriculum de C. Milstein pero que descoñece os outros.

Nesa liña manifestanse os profesores Gallego Veigas, Mallo Ferrer, Rodríguez Berrocal e Alonso Escontrela, engadindo que non deberían aprobarse antes de elaboralo novo regulamento.

O Sr. Martínez Cacharrón di que na Xunta de Goberno xa quedou clara a variedade das características dos candidatos e que o Claustro non debe actuar como un Santo Oficio fiscalizador.

O profesor Outes Ruso di que ten que pensarse noutras mencións honoríficas máis axeitadas.

O Sr. Soto García di que os catro candidatos teñen que aprobarse todos por asentimento unha vez que pasaron a aprobación de Departamento, Centro e Xunta de Goberno.

O profesor Tojo Suárez avoga por un criterio de máxima excelencia e pide que se pare o

proceso.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo intervéñ para aclarar que non sempre resulta fácil cualificar a excelencia, recorda que tódalas propostas chegan ó Claustro despois de cumpri-los requisitos establecidos na normativa vixente e recorda o resultado da votación de Xunta de Goberno onde foi aprobada a proposta por unha ampla maioría.

O profesor Durany Castrillo apoia a proposta nos termos expresados polo Sr. Rector.

O Sr. Ríos Cidrás pide respecto para tódolos ámbitos e considera que os catro son válidos para este galardón.

A profesora Fernández Manín pide que se respectes os acordos dos Departamentos especialistas en cada campo e opina que algúns claustrais ou grupos coas súas intervencións demagóxicas, fan ó Claustro inoperante e ineficaz.

Varios membros do Claustro preguntan se a votación de ratificación ó acordo de Xunta de Goberno, vai ser en conxunto ou independente para cada candidato.

A Mesa delibera e decide votación independente.

Cando se vai proceder á votación o Sr. Álvarez Moreira pregunta se hai quórum.

Nese momento están presente 71 claustrais (cantidade inferior a un tercio do Claustro). A Mesa acorda levantar a sesión e trata-los puntos pendentes nunha vindeira sesión do Claustro.

Levantase a sesión ás 19.30 do día 18 de decembro de 1998, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo